

novas en **branco
e negro**

Número 24 • Maio 2006



Neste número...

Distincións honoríficas

Vacas estrela e Mestre Criador

Concursos Autonómico e Internacional

Subhasta TOP-BOS



XENÉTICA FONTAO

**OS TEUS TOUROS,
A TÚA XENÉTICA**



Botafogo

Vémonos en Silleda

A pesar das negras nubes que nestes días cubren amenazadoramente o mundo da leite, -caída dos prezos, incerteza ante a nova normativa que prepara o MAPA sobre cotas, loita contra diversas enfermidades (IBR, BVD, NEOSPORA, PARATUBERCULOSE) e un longo etc de problemas,- temos que facer un novo esforzo e intentar ver o futuro con, polo menos, un certo optimismo, traballando decididamente na profesionalización e mellora das nosas explotacións.

Dende a Federación Frisona Galega seguimos traballando en distintos ámbitos, pero convencidos de que a única maneira de facer frente ó futuro, é coa formación dos máis xóvenes, e para elo estamos organizando a II Escola de Manexadores, así como a participación dun grupo deles no Concurso Europeo de Jóvenes Ganaderos.

Igualmente, na provincia da Coruña estamos a organizar a XX Escola de Xuices Gandeiros có ánimo de seguir profundizando no coñecemento da Raza Frisona e do apaixonante mundo do xulgamento.

Non debemos esquecer que se achegan as datas da gran festa do frisón en Galicia, que dende Fefriga, e coincidindo coa Feria Internacional Semana Verde estamos preparando, por elo, invitámoste a participar no Concurso Autonómico e Internacional xa que son unha oportunidade única de pór en valor o noso traballo e á vez compartir con outros gandeiros as nosas experiencias. Tamen e acompañando esta revista, enviámosche un catálogo da X Subhasta TOP-BOS para que, de estar interesado, poidas analiza-las mellores opcións para a túa explotación.

Dende esta páxina desexo, animarte a participar nestas actividades e apoialas coa tua presenza.

Vémonos en Silleda,

Luis Seoane Labandeira
Presidente de Fefriga



sumario

Distincións honoríficas	4
Mellores Produtoras de Galicia 2005	
Mellores Explotacións de Galicia 2005	
Mellores Producións Vitícolas de Galicia 2005	
Vacas estrela e mestre criador	6
Mellores explotacións de Galicia por ICO	7
Avance do programa de actividades na Semana Verde '06	8
Premios	9
XXVIII Concurso Internacional de Frisón "Semana Verde 2006"	
XV Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2006"	
XXII concurso de novos manexadores	
Saúde Animal	
Enfermidades que requiren da nosa atención	10
UTE-BOS	
III Curso de mellora xenética "Os Irmandiños"	14
Breves e axenda	15



Editado por:

FEDERACIÓN FRISONA GALEGA

R/ Melide, 25-27 - baixo
15705 Santiago de Compostela
A Coruña • España

Tel./Fax: +34 981 573 879
+34 981 573 775

e-mail: feffriga@feffriga.com
Web: www.feffriga.com

Director: Francesc X. Grau
D.L.G.: PO-187-99

Xunta Directiva

Presidente: Luis Seoane Labandeira
Vicepresidente: José Manuel López Tellado
Secretario: Rafael Méndez Guerra
Tesoureiro: Juan Álvarez Losada
Interventor: Álvaro José Castro Fernández
Vocais: Francisco Manuel Penabaz Pita
Antonio Pérez Castro
José Manuel Mandriñán Castro

Distincións honoríficas

Con estas Distincións, a Federación Frisona Galega, desexa promocionar e rendir homenaxe ós criadores que co seu esforzo, dedicación e profesionalidade, máis se distinguiron durante o ano 2005.

Mellores Produtoras de Galicia 2005

Primeirizas

Concedese este recoñecemento ás femias que na súa primeira lactación, rematada no 2005 e normalizada a 305 días, superaron a produción de 13.500 Kg. de Leite.

Nome	Gandería (Provincia)	Leite	%G.	%P.	Kg.MU
BLANCO LEREZ REBECA 44	SAT GANDERIA BLANCO (PO)	16.201	2,8	3,1	951
REIGADA LEE 6856	CASA REIGADA (LU)	14.496	2,7	2,9	817
BONTJE 28 0335	SAT MARTINO Nº1154 XUGA (PO)	14.234	3,4	3,1	932
BLANCO OUTSIDE PAULA 43	SAT GANDERIA BLANCO (PO)	14.209	3,6	3,1	950
CHACO WINERBURGUER BLITZ 1255	CHAIN, S.C.L. (LU)	14.110	3,7	2,8	917
CHACO ROSA DIE HARD 1184	CHAIN, S.C.L. (LU)	14.075	3,8	3,-	964
0380	CASA REIGADA (LU)	14.020	4,1	3,2	1.029
REIGADA RUDOLPH 8490	CASA REIGADA (LU)	13.990	2,9	3,1	837
REIGADA SILVERMAN 8489	CASA REIGADA (LU)	13.946	3,-	3,1	841
LOUREIRO 1914	CASA LOUREIRO (LU)	13.924	3,3	3,1	897
JANNIE 169	VIRGEN DEL CAMINO, S.C. (C)	13.903	2,1	3,3	754
KLASKE 160	GANDERIA CARREIRA (LU)	13.683	2,6	3,2	798
923	GANDERIA PADRON (LINO CORNES) (C)	13.587	3,5	3,1	906
SAT VARELA JAMES 263	SAT VARELA Nº 992 XUGA (LU)	13.509	3,8	3,1	932

Vacas

Concedese este recoñecemento a aquelas vacas de 2 ou máis partos, que na lactación rematada no 2005 (305 días), superaron os 16.500 Kg. de Leite.

Nome	Gandería (Provincia)	Leite	%G.	%P.	Kg.MU
FERREIRO LUNA PATRON	GANDERIA LOIS (LU)	19.597	3,-	2,8	1.131
GARCIA CONSTELATION ROCA 3514	SAT HERBON NUÑEZ (LU)	18.148	3,3	2,7	1.089
CASTIÑEIRAS RAQUEL LEREZ	GANDERIA CASTIÑEIRAS (C)	17.915	2,2	2,9	919
SOLA	FINCA VIQUEIRA (C)	17.764	2,7	3,1	1.030
OUTEIRO AEROSTAR INCA	OUTEIRO, C.B. (LU)	17.559	4,5	3,1	1.342
VEGA DE VILLAR ONASSIS 101	GANDERIA MANUEL HUERTA (LU)	17.411	4,2	2,9	1.243
FERREIRO LEREZ	SC FERREIRO RIAL (LU)	17.406	3,3	2,9	1.074
TERRY POESIA NAR XOSE	NAR-XOSE SOC. COOP. GALEGA (LU)	17.352	3,4	2,8	1.084
COREN LANGS A 12515	COOPERATIVA DE ANTELANA (OU)	17.132	2,5	2,9	927
JENIFER	GANDERIA GALERIN DOS QUEIMOS (LU)	17.120	2,7	3,-	961
OUTEIRO RUBENS DORNA	OUTEIRO, C.B. (LU)	17.029	3,7	3,-	1.136
193	SAT VARELA Nº 992 XUGA (LU)	17.025	3,5	2,8	1.068
BARBAS LUNA	SAT BARBAS (LU)	17.022	3,5	2,9	1.089
VIEITES MARTINA STORM	GANDERIA VIEITES (C)	16.985	3,6	3,-	1.119
PINTA DE LINCORA 112	SC ACEBEDO LU)	16.961	3,3	2,8	1.028
MARTINA VICTOR COSTUREIRO	GANDERIA COSTUREIRO (LU)	16.948	3,5	3,2	1.124
REIGADA DOBLE VUE RIBON	CASA REIGADA (LU)	16.936	3,4	3,2	1.118
ROCIO	SAT BARBAS (LU)	16.768	3,7	3,1	1.129
TRUUS 321	FONTAO SAT (LU)	16.748	4,7	3,3	1.347

Mellores Explotacións de Galicia 2005

Otorgase Título de Recoñecemento a todas aquelas explotacións que, -cun mínimo de 17 lactacións válidas rematadas (normalizadas a 305 días),- acadaran durante o ano 2005 unha media de Producción igual ou superior ós 11.500 Kg. de Leite.

Gandería	Localidade (Provincia)	Leite	%G	%P	Kg.MU
GANDERIA COSTUREIRO	SARRIA (LU)	12.656	3,4	3,4	857
OUTEIRO, C.B.	CHANTADA (LU)	12.489	3,8	3,1	860
CASA REIGADA	CASTRO DE REI (LU)	12.381	3,6	3,2	837
SC GANDEIRIA NODI	BARREIROS (LU)	12.104	3,2	3,1	763
GANDERIA VIEITES	TRAZO (C)	12.006	3,6	3,3	822
FINCA VIQUEIRA	TRAZO (C)	11.951	3,1	3,2	742
GANDERIA PERITO	SILLEDA (PO)	11.887	3,9	3,3	861
SAT MARTINO Nº1154 XUGA	LALIN (PO)	11.787	3,7	3,2	803
SAT LADO	A PASTORIZA (LU)	11.768	4,2	3,-	850
GANDERIA TOXO, S.L.	LALIN (PO)	11.747	3,5	3,2	785
GANDERIA FORCAO	OUTEIRO DE REI (LU)	11.721	4,4	3,1	874
GANDERIA CARREIRA	O INCIO (LU)	11.701	3,5	3,2	778
GANDERIA CABANAS	BARREIROS (LU)	11.683	3,7	3,-	776
PAZ IGLESIAS, SDAD. CIVIL	CASTRO DE REI (LU)	11.667	3,4	3,1	768
GANDERIA FREIRE	COPEITO (LU)	11.619	3,2	3,1	737
SC GANDEIRIA CID	BARREIROS (LU)	11.616	3,9	3,-	799
SAT REY DE MIÑOTELO	A PASTORIZA (LU)	11.584	4,3	3,3	873
GANDERIA MOSQUEIRA	ORDES (C)	11.559	3,8	3,3	810
GANDERIA ESTEBANO	TRABADA (LU)	11.548	4,-	3,1	821

Mellores Producións Vitalicias de Galicia 2005

Dada a importancia que ten para os gandeiros, -e en tódolos aspectos,- a lonxevidade das súas reproductoras, concédese Título de Recoñecemento a todas aquelas femias que, rematando a súa lactación no 2005, acadaran ó longo da súa vida unha produción de Leite igual ou superior ós 100.000 Kg. de Leite.

Nome	Gandería (Provincia)	Lact.	Leite	%G.	%P.
ERBIN	SC GANDEIRIA CID (LU)	10 l.	127.182	4,-	3,2
SEIJO GRAND ALCOBA	SAT GAND. SEIJO 860 XUGA (LU)	8 l.	120.953	3,7	3,2
SARAY STARBUCK PRIZE	GRANXA ARAN (C)	12 l.	116.627	3,6	3,3
TOOSJE 27	SAT CASA CARBALLO 1023 XUGA (LU)	7 l.	115.156	3,6	2,9
CHOUSA VALIANT DAN MARIA	S.L. GANADERIA A CHOUSA (LU)	8 l.	114.487	3,-	3,-
CUARENTA CINCO	GANDERIA PRADEIRA (C)	9 l.	111.863	3,1	2,9
LUNA	GANDERIA EL PUMAR (C)	10 l.	109.015	4,2	3,1
LILA LINDY	GANDERIA VIEITES (C)	8 l.	108.665	3,3	3,1
AEROSTAR XEITOSA FRANCISCA	GANDERIA NUVEIRA (C)	9 l.	105.006	4,2	3,3
FRIESIA	GANDERIA CEBREIRO (C)	9 l.	104.623	3,8	3,1
O TOXAL SL ERIT PALMERA	GANDERIA JOSE MANUEL LOPEZ (PO)	10 l.	104.536	3,6	3,1
PERLA	CASA MAZUA (LU)	10 l.	104.471	3,4	2,7
ORISIA	GANDERIA MANUEL IGLESIAS FDEZ (PO)	9 l.	101.817	3,9	2,9

(*) Datos facilitados polo S.P.G. da Consellería do Medio Rural.

Vacas estrela e Mestre Criador

Coa concesión destes títulos, e o igual que algunhas das Asociacións que xestionan os Libros Xenealoxicos dos países máis prestixiosos en xenética no mundo, Conafe quere recoñecer, por un lado, ás nais de vacas que combinan á vez unha alta produción, unha conformación superior e unha adecuada lonxevidade, e por outro, recoñecer e valorar a aqueles gandeiros que conseguiron criar un número importante destas vacas superiores. (ver Frisona Española nº 151 páxinas 36 e 37).

Vacas estrela criadas ou propiedade de gandeiros galegos

NOME VACA	★	XENEALOXÍA	PROPIETARIO
BOS MERRILL CURUXA ET	6 VMO*	MERRILL x BLACKSTAR	UTE DE BOS
ALTAGEN ASTRE SALENA	4 VMO*	ASTRE x SOUTHWIND	GRANJA GAYOSO CASTRO
BOS ASTRE AGRA ET	3 VMO*	ASTRE x CLEITUS	ALMENDROS HOLSTEIN, S.L.
ROMANTICA NOVO MASON	2 VE	MASON x SUPREME	NOVO
SETENTA Y OCHO	2 VE	SOUTHWIND x TRIPLE RED	S.A.T. VILAR-ALAXE
BOS LINDY MERA ET	2 VEE	LINDY x AEROSTAR	UTE DE BOS
GN TUSKA BLACKSTAR INFANTA	2 VE	BLACKSTAR x GOLDEN OAK	LANDEIRA SDAD.COOP.GALEGA
750	2 VE	BESNE BUCK x TILKY BELL	S.A.T. PEDROLAS
PERRELOS MANDY ET	2 VE	AEROSTAR x ELEVATION	PERRELOS
ALBAPROGET BETH AEROSTAR ET	2 VEE	AEROSTAR x CHIEF MARK	OUTEIRO, C.B.
PURI	2 VE	MARATHON x SEEKÖNIG	EL PUMAR
BOS STORM XEBRA ET	1 VEE	STORM x MASCOT	UTE DE BOS
ALTAGEN RUDOLPH MYSTRI ET	1 VEE	RUDOLPH x LINDY	GANADERIA PENA
SUSI CONVERSE ZAIRA	1 VE	CONVERSE x LINDY	CASTRO
INSPIRATION BEIRA MALLA	1 VE	INSPIRATION	NUVEIRA
AAFKE 91	1 VE	NEDERHORST 79 x LINDE ALFRED	CORTIÑA
ALTAGEN JED RAVEEN ET	1 VEE	JED x MATTADOR	GRANJA GAYOSO CASTRO
GRANDE BOMBI VALHALLA KASSANDR	1 VE	VALHALLA	S.A.T. GRANDE
BOS THOR TAMEGA ET	1 VEE	THOR x CLEITUS	S.A.T. VILAR-ALAXE
DIANA 2	1 VE	INSPIRATION x SCOUT	JOSE PAZOS GARCIA
CARBALLEIRAS JUBILANT ARANDA	1 VE	JUBILANT x PREMIER	S.A.T. CARBALLEIRAS
LAICA DA VIDUEIRA INSPIRATION	1 VE	INSPIRATION x H. P. ROCKY WILLOW	GRANXA VIDUEIRA, S.C.
LELA	1 VE	STARBUCK	CARLOS IGLESIAS CARREIRA

(*) VMO: Vaca Medalla de Ouro (este título concédeselle ás vacas que posúen 3 ou máis estrelas)

Ganderías de Galicia que obteñen o título de Mestre Criador

Ganadería	Razón Social	Provincia	Total Puntos	Total Animais	Puntos / Animal
G271589	CASA DE BAIXO	Lugo	175	27	6.48
G270403	S.A.T. GAND.SEIJO 860 XUGA	Lugo	451	74	6.09
G270818	GANADERIA PENA	Lugo	255	43	5.93
G150294	GRANXA VIDUEIRA, S.C.	A Coruña	157	29	5.41
G271254	S.A.T. VILAR-ALAXE	Lugo	186	36	5.17
G150449	TUBIO	A Coruña	160	31	5.16
G150210	EL PUMAR	A Coruña	174	34	5.12
G150298	GRANXA CAXIGUEIRA	A Coruña	162	32	5.06
G270474	S.A.T. REY DE MIÑOTELO	Lugo	197	39	5.05

Mellores explotacións de Galicia por ICO

A modo de información a todo-os socios en xeral e como promoción das propias ganderías, Branco e Negro publicará despois de cada avaliación xenética, a relación das mellores explotacións de Galicia por Índices Xenéticos (ICO). Para ser publicadas, as explotacións deben de reuni-las condicións seguintes:

- O rabaño debe ter un mínimo de 17 reproductoras.
- Esixírase un mínimo do 75% de animais valorados (valorados ICO), sobre reproductoras rexistradas de máis de 36 meses, co fin de obter rabaños representativos.
- O ICO medio do rabaño debe ser igual ou superior a 1.100.

- Non serán consideradas, nin publicadas, as ganderías con máis do 5% de reproductoras no Rexistro Auxiliar Categoría "A", sobre o total do censo de reproductoras.

- A referencia de reproductoras na granxa serán as existentes a 31 de Decembro ou 30 de Xuño.

- Nesta lista os rabaños distínguense polo nº de reproductoras do mesmo, sendo:

- De 17 a 75 reproductoras
- De 76 a 200 reproductoras
- De 201 e máis reproductoras

GANDERÍA	LOCALIDADE	ICO	Kg./L.	Kg./G	%G	Kg./P	%P	IPP	ICU	IGT	RCS	%HA24*
UTE DE BOS	BERGONDO (C)	+1585	+431	+13	-0.04	+14	+0.00	+0.58	+1.24	+1.36	+100.00	0.00%
PERRELOS	TABOADA (LU)	+1400	+294	+10	-0.01	+10	+0.01	+0.75	+0.84	+0.94	+100.00	0.00%
CASA CHICHO	CASTRO DE REI (LU)	+1365	+293	+12	+0.02	+17	+0.09	+0.34	+0.30	+0.55	+99.00	0.00%
GRACOZA P-48	COSEPEITO (LU)	+1361	+271	+9	-0.01	+11	+0.03	+0.86	+0.53	+0.81	+100.00	0.00%
PORTALOUSA	XERMADE (LU)	+1331	+380	+10	-0.04	+10	-0.02	+0.38	+0.67	+0.83	+99.00	0.00%
A CHOUSIDA	A CAPELA (C)	+1326	+97	+14	+0.12	+7	+0.04	+0.71	+0.89	+0.92	+102.00	0.00%
CASA POLVOREIRO	SAMOS (LU)	+1300	+203	+22	+0.17	+18	+0.13	+0.25	-0.01	-0.06	+99.00	2.70%
CASA CANEDA	BOQUEIXON (C)	+1295	+273	+10	+0.00	+6	-0.04	+0.89	+0.70	+1.08	+100.00	0.00%
PUMAR DE BUXAN	VAL DO DUBRA (C)	+1295	+290	+8	-0.03	+6	-0.03	+0.57	+0.85	+0.91	+103.00	0.00%
S.A.T. CASA CAETANO	COSEPEITO (LU)	+1290	+329	+9	-0.03	+9	-0.02	+0.47	+0.63	+0.69	+103.00	0.00%
S.A.T. O VILAR Nº 1002 XUGA	A PASTORIZA (LU)	+1266	+218	+11	+0.04	+14	+0.08	+0.34	+0.21	+0.44	+99.00	3.03%
OS CASTROS	VIMIÁNZO (C)	+1261	+263	+7	-0.03	+5	-0.04	+0.55	+0.77	+0.83	+102.00	0.00%
S.A.T. CASA MENOR 1017 XUGA	BOIMORTO (C)	+1260	+325	+11	-0.01	+12	+0.02	+0.17	+0.58	+0.46	+100.00	1.18%
COBELLO	A PASTORIZA (LU)	+1257	+335	+11	-0.01	+14	+0.04	+0.29	+0.19	+0.40	+102.00	2.13%
REGUEIRO	TRAZO (C)	+1254	+155	+16	+0.12	+15	+0.12	+0.49	+0.06	+0.02	+100.00	0.00%
S.A.T. GRANDE	RIBADEO (LU)	+1250	+162	+5	-0.02	+4	-0.01	+0.85	+0.78	+0.95	+101.00	0.00%
CASTRO	SARRIA (LU)	+1250	+435	+11	-0.06	+12	-0.02	+0.38	+0.35	+0.36	+100.00	1.72%
CARBALLO REDONDO	MONFERO (C)	+1248	+129	+9	+0.05	+6	+0.02	+0.68	+0.69	+0.87	+102.00	3.85%
VIETES	TRAZO (C)	+1245	+182	+8	+0.01	+6	+0.00	+0.83	+0.71	+0.86	+102.00	0.00%
VILASUSO SDAD.COOPGALEGA	A CAPELA (C)	+1241	+226	+12	+0.04	+8	+0.01	+0.57	+0.53	+0.61	+100.00	0.00%
NODI, S.C.	BARREIROS (LU)	+1241	+168	+7	+0.01	+5	+0.00	+0.68	+0.73	+0.90	+104.00	0.00%
S.A.T. VILAR-ALAXE	CASTRO DE REI (LU)	+1238	+246	+9	+0.00	+7	-0.01	+0.53	+0.56	+0.71	+102.00	0.00%
CAVADAS SAT XUGA 941	XERMADE (LU)	+1237	+311	+7	-0.05	+7	-0.03	+0.35	+0.76	+0.79	+100.00	0.00%
OUTEIRO,C.B.	CHANTADA (LU)	+1229	+84	+7	+0.05	+5	+0.02	+0.60	+0.81	+1.03	+98.00	0.00%
ROSENDE DE SAMEDE	TORDOIA (C)	+1226	+220	+9	+0.01	+8	+0.01	+0.62	+0.60	+0.66	+102.00	3.45%
CASA DOS VENCES	RODEIRO (PO)	+1223	+193	+16	+0.10	+10	+0.04	+0.31	+0.36	+0.43	+103.00	2.17%
RAMOS	VIMIÁNZO (C)	+1216	+274	+8	-0.02	+8	+0.00	+0.46	+0.49	+0.53	+101.00	3.49%
GRANXA CAXIGUEIRA	ORTIGUEIRA (C)	+1209	+153	+5	-0.01	+3	-0.02	+0.56	+0.95	+1.03	+100.00	0.00%
CAS DE PEDRO	CARBALLEDO (LU)	+1204	+73	+9	+0.07	+4	+0.02	+0.68	+0.64	+0.75	+103.00	3.45%
S.A.T. 828 ILMA-XUGA	BOIMORTO (C)	+1201	+433	+11	-0.05	+16	+0.03	+0.02	+0.14	+0.00	+98.00	3.96%
CARLOS IGLESIAS CARREIRA	TRABADA (LU)	+1190	+104	+6	+0.03	-1	-0.05	+0.93	+0.87	+1.10	+104.00	0.00%
CONCEPCION GARCIA PAJARO	LALIN (PO)	+1187	+175	+8	+0.01	+4	-0.02	+0.46	+0.72	+0.68	+104.00	0.00%
GAN. FERNANDEZ SANCHEZ,SC	CURTIS (C)	+1185	+253	+7	-0.03	+6	-0.02	+0.38	+0.54	+0.59	+103.00	2.50%
GRANXA RIVEIRA, S.C.	ARANGA (C)	+1183	+146	+7	+0.02	+5	+0.00	+0.38	+0.74	+0.80	+101.00	3.13%
CASA DE BAIXO	SARRIA (LU)	+1181	+91	+10	+0.08	+5	+0.03	+0.64	+0.49	+0.69	+102.00	0.00%
GRANXA NAVEIRAS	A CAPELA (C)	+1179	+138	+10	+0.05	+3	-0.02	+0.64	+0.66	+0.70	+105.00	1.79%
MANUEL ARIAS DIAZ	O INICIO (LU)	+1178	+38	+9	+0.08	+4	+0.03	+0.41	+0.49	+0.65	+101.00	3.13%
SAAVEDRA Y CASTRO	PARADELA (LU)	+1177	+387	+12	-0.02	+12	+0.00	+0.18	+0.20	+0.09	+101.00	2.78%
CASA MARTINAN	VILALBA (LU)	+1176	+362	+15	+0.01	+12	+0.01	+0.54	-0.02	+0.08	+101.00	3.70%
VEIGUEIRO SDAD.COOPGALEGA	BARREIROS (LU)	+1175	+265	+7	-0.03	+9	+0.01	+0.31	+0.35	+0.39	+101.00	3.52%
S.A.T. XUGA 747 FONTELAS	ARZUA (C)	+1170	+198	+11	+0.04	+6	-0.01	+0.38	+0.54	+0.63	+102.00	0.95%
MARUXA	MONTERROSO (LU)	+1170	+1	+21	+0.24	+16	+0.18	+0.14	-0.20	-0.29	+99.00	0.00%
GRANXA DO CANTEIRO	VIMIÁNZO (C)	+1170	+178	+6	-0.01	+7	+0.01	+0.37	+0.54	+0.62	+99.00	0.00%
S.A.T. XUANEIRO 980 XUGA	A BANA (C)	+1157	+125	+6	+0.02	+3	-0.01	+0.55	+0.57	+0.69	+99.00	1.33%
CASA CAPON	CHANTADA (LU)	+1155	+75	+8	+0.07	+1	-0.01	+0.79	+0.52	+0.75	+103.00	0.00%
TAMAREDO	CASTROVERDE (LU)	+1154	+264	+8	-0.02	+10	+0.01	+0.51	+0.16	+0.41	+98.00	3.51%
HNOS. LAMAS C.B.	VILALBA (LU)	+1154	+326	+11	-0.02	+9	-0.02	+0.18	+0.32	+0.19	+99.00	0.00%
LENZA	POL (LU)	+1149	+229	+11	+0.03	+12	+0.05	+0.26	+0.16	+0.07	+101.00	0.00%
CASA MEILAN	SARRIA (LU)	+1146	+75	+5	+0.03	+5	+0.03	+0.62	+0.51	+0.51	+104.00	3.57%
RIOS	SILLEDA (PO)	+1144	+21	+7	+0.07	+2	+0.02	+0.63	+0.53	+0.70	+104.00	0.00%
JOSE FERNANDEZ VAZQUEZ	TABOADA (LU)	+1141	+250	+6	-0.04	+7	-0.01	+0.20	+0.41	+0.57	+100.00	0.00%
JULIO PITA MUINELLO	CASTRO DE REI (LU)	+1140	+182	+10	+0.04	+5	-0.01	+0.50	+0.54	+0.63	+105.00	4.55%
FOLGUEIRA	A PASTORIZA (LU)	+1135	+111	+6	+0.02	+7	+0.03	+0.38	+0.52	+0.49	+98.00	4.00%
GANADERIA VILAFERREIROS,S.C.	MAZARICOS (C)	+1135	+137	+8	+0.03	+3	-0.01	+0.61	+0.53	+0.63	+102.00	2.00%
GRANXA VILA	LUGO (LU)	+1132	+147	+3	-0.02	+5	+0.01	+0.14	+0.72	+0.79	+103.00	0.00%
CASA CARBALLEIRA	GUITIRIZ (LU)	+1131	+286	+6	-0.05	+8	-0.01	+0.06	+0.23	+0.41	+101.00	2.94%
NAR-XOSE SDAD.COOPGALEGA	RIBADEO (LU)	+1130	+258	+6	-0.04	+9	+0.01	+0.06	+0.34	+0.38	+101.00	1.64%
S.A.T. CARBALLEIRAS	LALIN (PO)	+1128	+115	+5	+0.01	+4	+0.00	+0.48	+0.57	+0.73	+101.00	0.00%
MANUEL FREIRE SIMANS	ROIS (C)	+1125	+279	+9	-0.01	+7	-0.02	+0.42	+0.24	+0.35	+100.00	0.00%
S.A.T. VIL LAMAYOR DE NEGRAL	GUNTIN (LU)	+1123	+261	+7	-0.03	+9	+0.01	-0.01	+0.41	+0.35	+101.00	0.00%
GANADERIA CAMBON	CARBALLO (C)	+1119	+153	+8	+0.03	+6	+0.02	+0.41	+0.25	+0.55	+102.00	0.00%
CARBALLIDO	OUTEIRO DE REI (LU)	+1118	+205	+13	+0.06	+10	+0.04	+0.33	-0.01	+0.20	+97.00	2.13%
CASA NOVA SAT 1021 XUGA	MESIA (C)	+1116	+212	+2	-0.07	+6	-0.01	+0.36	+0.72	+0.51	+99.00	0.00%
S.A.T. IGLESIAS 1040 XUGA	A BANA (C)	+1115	+186	+8	+0.02	+5	-0.01	+0.30	+0.51	+0.44	+101.00	0.00%
GANADERIA BARREDA	CORISTANCO (C)	+1110	+99	+9	+0.06	+1	-0.02	+0.46	+0.60	+0.72	+103.00	2.13%
NIEVES Y RAFAEL	FORCAREI (PO)	+1110	+132	+10	+0.06	+4	-0.01	+0.47	+0.40	+0.65	+99.00	0.00%
CASA QUINTIAN	O PARAMO (LU)	+1108	+206	+5	-0.02	+7	+0.00	+0.43	+0.27	+0.40	+102.00	0.00%
CASA DE MAMOA	PALAS DE REI (LU)	+1108	+99	+13	+0.11	+11	+0.09	-0.03	+0.15	+0.08	+101.00	0.00%
S.A.T. LANGUEIRON XUGA 934	PONTECESO (C)	+1104	+26	+8	+0.08	+6	+0.06	+0.39	+0.42	+0.33	+102.00	0.28%
S.A.T. 913 XUGA O FONDAL ABOI	FRADES (C)	+1104	+96	+7	+0.04	+5	+0.03	+0.42	+0.49	+0.41	+101.00	0.00%
LANDEIRA SDAD.COOPGALEGA	NEGREIRA (C)	+1102	+124	+7	+0.03	+3	-0.01	+0.47	+0.57	+0.66	+103.00	1.23%

* % de reproductoras maiores de 36 meses non valoradas ou inscritas no rexistro auxiliar "A"

avance do programa de actividades

Silleda, do 14 ó 18
de xuño de 2006

Organizado pola *Federación Frisona Galega* (Fefriga) e pola *Fundación Semana Verde de Galicia*, coa colaboración das *Africores*, a *Consellería do Medio Rural* e da *Associação Portuguesa de Criadores da Raça Frísia*, celebrarase o **XXVIII Concurso Internacional de Frisón "Semana Verde 2006"** e o **XV Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2006"**, do 14 ó 18 de xuño, nas instalacións do Recinto Feira Internacional de Galicia, en Silleda-Pontevedra.

Así mesmo, coincidindo con estes Concursos, celebrarase o XXII Concurso de Novos Manexadores e o VI Concurso de pintura. Estes concursos intentan implicar os máis novos na gran festa do frisón galego. Por un lado, temos o concurso de pintura, no que poden participar todos os nenos de tres a dezaseis anos (inclusive). Os debuxos que se presenten ó concurso terán unha temática relativa ó *"Sector Agro-gandeiro e a Vida no Campo"*.

Por outro lado, o concurso de novos manexadores intenta introducir os máis novos no mundo dos concursos e, polo tanto, no mundo da xenética, presentando animais en pista e intentando aproveitar ó máximo as calidades e as posibilidades que ofrece cada animal.

Nesta revista encontraredes toda a información para apuntarvos. Pola nosa parte, non nos queda máis que animarvos a participar e a vivir unha fermosa experiencia.

Martes 13

10.00 a 22.00

Entrada do gando

Mércores 14

10.00 a 20.00

Exposición dos animais

12.00

Inauguración oficial da
XXIX FEIRA INTERNACIONAL
SEMANA VERDE de GALICIA

Xoves 15

10.00 a 20.00

Exposición dos animais

Venres 16

10.00 a 14.00

Xulgamento das Becerras
e Xovencas

17.30 a 20.00

XXII Concurso de Xoves Manexadores

Sábado 17

10.00 a 14.00

Xulgamento das vacas en lactación,
campionatos e grupos dos Concursos
Autonómico e Internacional.

14.00

Sorteo dunha Xovenca entre o público asistente. Entrega de Premios do Concurso de Pintura.

17.00 a 20.00

X Subhasta TOP-BOS

21:00

Recepción Oficial a gandeiros e autoridades, Entrega de Pracas ás mellores ganderías, Entrega de Premios dos diferentes concursos e Imposición da Insignia de Ouro de Fefriga.

Domingo 18

10:00 a 20.00

Exposición dos animais

18:00

Desfile de Campionas
no Ring Principal

a partir de 20.00

Saída do gando

XXVIII Concurso Internacional de Frisón "Semana Verde 2006" XV Concurso Autonómico da Raza Frisona "Fefriga 2006"

Premios

- SECCIÓNS Escarapela ós 5 primeiros animais clasificados e os premios en metálico seguintes:

	Xovenças		Vacas	
	Aut.	Int.	Aut.	Int.
1ª	75 €	100 €	150 €	200 €
2ª	60 €	80 €	120 €	160 €
3ª	45 €	60 €	90 €	120 €
4ª	30 €	40 €	60 €	80 €
5ª	15 €	20 €	30 €	40 €

- Ademáis dos premios indicados, en cada unha das seccións concederáse o título (único) de **Mellor Ubre**, que será premiado con escarapela e 150 €.

- CAMPIONATOS Estandarte e os premios en metálico seguintes:

	Aut.	Int.
Campiona	250 €	600 €
Subcampiona	200 €	300 €

- GRANDES CAMPIONATOS Estandarte, trofeo e un premio en metálico dotado con:

	Aut.	Int.
Xovenca Gran Campiona	500 €	1.500 €
Vaca Gran Campiona	1.000 €	6.000 €

- MELLOR CRIADOR Estandarte e os premios en metálico seguintes:

	Aut.	Int.
Mejor criador	500 €	1.200 €
Segundo criador	400 €	600 €

- PREMIO FEFRIGA '2006'**. A Federación Frisona Galega premiará con **2 EMBRIÓNS DA FINCA DE BOS** ás ganderías que no Concurso Autonómico, cos seus exemplares, acaden os títulos seguintes:

Xovenca Gran Campiona Fefriga '06
REGATA x GOLDWYN

Vaca Gran Campiona Fefriga '06
VALIOSA MB89 2º parto x BUCKEYE

Mellor Criador Fefriga '06
GLINDA MB88 1ºparto x SEPTEMBER

XXII concurso de novos manexadores

Premios

- Outorgaranse escarapelas ós 10 primeiros clasificados de cada sección.
- Concederáse trofeos ós Campións e Subcampionas Infantil e Junior.
- Os dous primeiros clasificados das 3 seccións da Categoría INFANTIL (Sec. 1ª, 2ª y 3ª) competirán polo título de Mellor Manexador Infantil (Sec. 4ª). Concederanse os seguintes premios:
 - Campión INFANTIL (1º clasificado)
Tarxeta Regalo de 300€
 - Subcampiona INFANTIL (2º clasificado)
Tarxeta Regalo de 200 €
 - Resto de clasificados
Tarxeta Regalo de 100 €
- Os dous primeiros clasificados das 2 seccións da Categoría JUNIOR (Sec. 5ª e 6ª) competirán polo título de Mellor Manexador Junior (Sec. 7ª). Concederanse os seguintes premios:
 - Campión JUNIOR (1º clasificado)
Tarxeta Regalo de 400€
 - Subcampiona JUNIOR (2º clasificado)
Tarxeta Regalo de 300 €
 - Resto de clasificados
Tarxeta Regalo de 100 €

Podes consulta-lo Regulamento e condicións de participación na nosa web, www.fefriga.com.

Entre as ganderías concursantes **sortearanse 2 EMBRIÓNS de Bos Mandel RIGUEIRA ET 2EX**, por Braedale GOLDWYN procedentes do Programa que, CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL e FEDERACIÓN FRISONA GALEGA, desenvolven na finca de BOS. Os boletos para dito sorteo serán asignados a razón de un por cada becerra ou xovenca presentada a concurso e dous por cada vaca.



BOS LAURIER REGATA



BOS IGNITER VALIOSA



BOS IGNITER GLINDA

Enfermidades que requiren da nosa atención



Por **Daniel Martínez Bello**
Veterinario e Director Técnico U.T.E. Bos

A produción de leite está suxeita a un complexo entramado de factores cada cal máis importante: alimentación, manexo, reprodución, sanidade, xenética, e comercialización do produto. Son os pilares básicos de toda produción animal e que no caso do vacún de leite todos son imprescindibles. Non podemos esquecer ningún deles nin escoller cal merece a pena potenciar por encima do resto. Para lograr unha produción eficiente, non só a curto prazo senon que se manteña no tempo, é preciso maximizar todos estes factores dentro das nosas posibilidades.

Para isto é indispensable contar co asesoramento de profesionais especializados en cada campo e adicar a cada aspecto a atención e os recursos que merece.

Ó igual que no resto dos aspectos a explotación moderna ten que facer fronte a novos retos e novas esixencias en materia sanitaria. Xa non son os tempos de considerar importantes unicamente as enfermidades obxecto de campaña oficial de saneamento gandeiro obrigatorio. Existen outras enfermidades que gañan importancia a medida que se intensifican as producións e que hoxe están no punto de mira de numerosos programas sanitarios como son o IBR, o BVD, a NEOSPOROSE, ou a PARATUBERCULOSE, entre outras. Aparte da repercusión económica directa destas infeccións nas nosas ganderías, a recente inclusión dalgunhas des-

tas enfermidades en programas oficiais de erradicación en varios países da Unión Europea establece unha situación nova en tanto que nos afectan ás normativas de cara o intercambio de animais ou á participación en concursos, etc. Nestes intreos estanse a crear en Galicia gran cantidade de Asociacións de Defensa Sanitaria (ADS gandeiras), que ofrecen a posibilidade de abordar programas de control deste tipo de enfermidades, e que nos vindeiros anos deben xogar un importante papel na sanidade en xeral do gando.

Dende FEFRIGA, o que nos compete de forma directa é unha aposta decidida pola xenética e isto conleva a mesma decidida aposta por mellorar a sanidade dos animais. Así como é imprescindible promocionar a recría por razóns de xenética, tamén o é, aínda con máis importancia por razóns sanitarias, por elo, é o noso obxectivo desde o Branco e Negro, informar sobre a importancia destas enfermidades, as medidas de control posibles, e as recomendacións máis básicas a ter en conta de cara a mercar animais ou a participar en concursos. Dada a complexidade das distintas enfermidades, ó longo dos próximos números, trataremos unha por unha as de máis relevancia para as nosas ganderías.

A infección de IBR (Rinotraqueite Infecciosa Bovina)

Infección provocada por un virus tipo HERPES. Provoca infeccións respiratorias e xenitais no gando vacún.

Tra-la entrada do virus nun animal sensible, éste pasa duns 4 a 5 días de febre, síntomas inespecíficos (respiratorios, reproductivos) e eliminación do virus nas excrecións corporais. Cada animal infectado pode infectar de 3 a 7 animais cos que convive, e cada un deles a outros tantos provocando así un brote.

A intensidade dos síntomas e as primeiras consecuencias económicas para a explotación son moi variables e dependen, entre outras cousas do estado dos animais e da sanidade xeral do rabaño. O virus da IBR tamén provoca inmunosupresión (baixada de defensas), co que os animais son máis susceptibles fronte a multitude de infeccións, co cal as perdas poden verse multiplicadas ó aumentar a incidencia das mamites, abortos, infertilidades, descenso da produción, en ocasións morte de animais, etc, ademais da perda de valor dos animais cara á venda, especialmente a medida que se incrementa a concienciación dos gandeiros respecto a protexerse deste tipo de infeccións.

“O virus LATENTE pode REACTIVARSE e REEXCRETARSE en calquera momento da vida do animal...”

Unha das características máis importantes desta infección é a latencia, que consiste na persistencia inaparente do virus no animal infectado, sin que poida ser detectado por procedementos virolóxicos convencionais. Sábese que tan só tres días post infección, xa se encontra nos ganglios nerviosos cercanos ó punto de entrada onde permanecerá de por vida.



O virus en estado latente non é sensible ás defensas do animal. Aínda que éste teña moitos anticorpos (AC) naturais ou vacinais non o neutralizan. Ademais o virus latente pode reactivarse e reexcretarse en calquera momento da vida do animal, e isto pode ocorrer de forma espontánea ou inducida por diversos factores como un estrés, transportes, parto, outras infeccións, tratamentos con corticoesteroides, etc.

Os xatos infectados no momento do parto e que reciben os costros con defensas quedan como portadores seronegativos. Ocorre que o virus penetra no xato e acantónase rápidamente. Os Acs. dos costros atacan o virus circulante e anulano, sin que de tempo a provocar a enfermidade nin a que o sistema inmunitario do xato faga os seus propios Acs. Pasados de 2 a 6 meses os Acs. dos costros desaparecen e a xata queda infectada de por vida, e cando a analizamos dá resultado negativo como si estivese sana, ata que se reactive o virus e ó circular polo sangue provoque a enfermidade e a resposta inmunitaria fabricando nese momento os Acs. e provocando a seroconversión si se analiza a partir dese momento.

Esta característica da existencia de portadores negativos explica como se producen brotes en establos que mercaron animais para a reposición incluso comprobando que eran seronegativos a enfermidade.

Fontes de infección de IBR

- Reactivación de virus latente
- Introducción dun novo virus



Imaxes cedidas por Luis Santos (Lab. Intervet)

O diagnóstico desta enfermidade realízase no laboratorio a partir de mostras de soro das vacas e tamén de leite do tanque, para estudos de rabaño (a parte da posibilidade de cultivar o virus a partir de secrecións de animais enfermos na fase de febre). No laboratorio existe unha proba que é a seroneutralización ou virus

neutralización que é altamente fiable pero que non está dispoñible para analizar gran número de mostras. A proba rutinaria coa que traballamos habitualmente son os test ELISA, que permiten analizar gran nº de animais de forma rápida e con unha fiabilidade aceptable.

“Os xatos infectados no momento do parto e que reciben os calostros con defensas quedan como portadores seronegativos”

En calquera dos casos os test detectan a presenza de ANTICORPOS que son as proteínas defensivas que se producen no sangue dos animais despois de contactar co virus, ben sexa por infección natural co virus de campo, ou contacto provocado cunha vacina que contén todo ou parte do virus.

Como se pode comprender polo comportamento do virus, é máis apropiado facer diagnósticos serolóxicos a nivel de rabaños, e non a nivel individual, onde un resultado illado pode levarnos a interpretacións erróneas.

Control do IBR

Trátase dun problema estendido ó longo de todo o mundo. Debido ás características do virus, en especial á capacidade de latencia e á facilidade de transmisión, o comercio de animais, os transportes, e as concentracións de gando constitúen puntos críticos para o desencadeamento de novos brotes, se non se adoptan as medidas de control axeitadas. Ante este panorama, é obrigado establecer un programa adecuado a cada granxa pero tendo en conta tamén as características da zona na que se encontra, as posibilidades de movemento de gando, etc.

No control do IBR é preciso marcarse como obxectivo a erradicación do virus. E con este fin necesitamos coñecer a situación da cabana da que falamos. Se encontramos unha prevalencia baixa (<5% de positivos) é máis rápida e segura a eliminación dos animais positivos e facer controis sucesivos. En prevalencias máis elevadas ten vantaxa comezar por limitar primeiro a expansión do virus mediante o uso de vacinas, e cando se chegue a situación de baixa prevalencia proceder á eliminación dos positivos que queden. Esta é unha filosofía xeral de control de IBR, na que

“No control do IBR é preciso marcarse como obxectivo a erradicación do virus”

as explotacións “negativas” consideraríanse “libres” e poderían deixar de vacinar. É importante ter en conta que para chegar a esa situación, máis que explotación por explotación hai que falar de zonas amplas e con vixilancia dos movementos de animais. Unha explotación completamente libre rodeada de explotacións con animais infectados debe estar protexida con vacinas ou do contrario cabe a posibilidade de que padeza un brote cando menos o esperemos, incluso o final do proceso de erradicación nas granxas veciñas, pasando de ser unha das “mellores” durante moitos anos a ser a “peor” ou a máis retrasada por non utilizar a prevención nun momento en que a seguridade do entorno non era suficiente. En este sentido é moi importante a pertenza ás ADS gandeiras xa que éstas ofrecen un marco adecuado para o control deste tipo de infeccións, ó facer o seguimento de todas as ganderías da zona.

As dúas ferramentas coas que contamos para o control desta enfermidade son, por un lado as ANALÍTICAS, que con un deseño adecuado dos mostreos, e a súa interpretación por veterinarios dedicados a este tema, ofrecen a posibilidade de eliminar animais perigosos e non incorporalos á explotación. E por outro lado as VACINAS que son o único método capaz de frear a transmisión

da enfermidade.

AS VACINAS DE IBR: a aplicación de vacinas axuda ó control da enfermidade. As vacinas conteñen o virus e provocan a creación de anticorpos (defensas) contra el. Hai vacinas convencionais e marcadas, co virus vivo (atenuado) e co virus morto.

Vacinas convencionais: vivo ou morto conteñen o virus ENTEIRO. Tra-la súa aplicación, cando se analiza un animal o resultado é de seropositivo (idéntico que en animais infectados).

Vacinas marcadas : vivo ou morto sacáronlle un pedazo o virus: a glicoproteína E e desenrolaron un ELISA que só busca ese pedazo, a gE, que lóxicamente só estará presente nos animais que contactaron co virus enteiro, ben sexa natural, ou dunha vacina convencional. Os animais non infectados (sanos) vacinados con V. MARCADA que se analizan ofrecerán resultados:

- 1) **SEROPOSITIVO:** si se analizan con test ELISA CONVENCIONAL OU CON SERONEUTRALIZACIÓN (busca a gB que sempre está).
- 2) **SERONEGATIVO:** si se utiliza a proba para vacina marcada, o test ELISA gE.


TEST DIAGNÓSTICO	ANIMAL INFECTADO	ANIMAL VACINADO VAC. NORMAL	ANIMAL VACINADO V. MARCADA
SERONEUTRALIZACION	POSITIVO	POSITIVO	POSITIVO
ELISA AC totais	POSITIVO	POSITIVO	POSITIVO
ELISA Anti gE	POSITIVO	POSITIVO	NEGATIVO

Guía para interpretación máis común dos resultados dos test laboratoriais: enténdese que os animais vacinados están libres da enfermidade. Debemos recordar que existen falsos positivos e falsos negativos, tanto polas limitacións da técnica como polas características do virus.

Vantaxas do uso dunha vacina marcada

- 1 Podemos diferenciar sempre os animais só vacinados dos que contactaran realmente co virus de campo que son os que teñen posibilidade de latencia e contaxiar si se reactiva o virus. Chegada unha situación de baixa prevalencia poden eliminarse exclusivamente os animais que representen un risco para o resto da poboación.
- 2 Partindo de animais seronegativos (libres de IBR), a vacina non altera o seu estatus. Continúan sendo seronegativos a gE aínda que positivos á proba de IBR convencional.
- 3 Os animais vacinados están protexidos contra a enfermidade continuando sendo negativos.
- 4 Os animais vacinados poden sufrir a infección pero non sufren a enfermidade nin as súas consecuencias (non desenrolan síntomas) e eliminarán menor cantidade de virus e durante menos tempo. Contaxian moito menos. A dose de virus coa que deben contactar para sufrir esa pequena infección é maior que a dos animais non vacinados co cal é máis improbable que se produza, especialmente por contactos esporádicos.
- 5 Cando vacinamos animais que xa estiveron previamente infectados e que teñen o virus en latencia reducimos a súa capacidade contaxiosa: eliminarán menos virus en menos tempo. Combinando isto coa vacinación do resto de animais susceptibles de sufrir ese contaxio, ofrécese unha dificultade grande para a transmisión do virus que, deste xeito vai limitando a súa presenza o non haber brotes, ata desaparecer do establo, ou da zona que estemos a tratar.

A vacunación reduce a posibilidade dun brote



Na gráfica vese un modelo de contaxio según o nº de animais positivos na explotación e según o tipo de vacina empregada. Canto máis alta e a curva, maior e a probabilidade de que se produza un brote na explotación.

A problemática do IBR debe afrontarse dun xeito global. En definitiva, trátase de deseñar e desenrolar para cada explotación un PROGRAMA DE BIOSEGURIDADE que abarque diferentes aspectos do manexo e hixiene da explotación, un programa de vacinación e desparasitación actualizado e adaptado ás nosas condicións concretas, un control das entradas, etc. Estas medidas son comúns na prevención de numerosas enfermidades, o que fai que a medio prazo, o adoptar medidas de defensa sanitaria supoña un investimento rendible na gandería.

Resumen de medidas básicas a adoptar

1. Establecer un programa de control de IBR na gandería:

O primeiro paso é analizar os animais e coñecer a situación que temos, e a partir desa información o veterinario a cargo do tema elaborará o protocolo máis axeitado en canto a tipo de vacina, periodicidade e tamaño dos mostreos, etc. De forma ideal se hai posibilidade é vantaxoso establecer este programa dentro dunha ADS.

2. Basar a o programa en criterios técnicos orientados a un obxectivo concreto que debe ser chegar a estar libre de IBR, e manter esta condición:

-Emprego de Vacinas marcadas xunto con analíticas periódicas para comprobar a ausencia de brotes.

3- Control de entradas:

A vía de contaxio máis importante é sempre a introducción dun animal portador do virus.

- Antes de mercar esixir comprobar a procedencia dos animais. Poden proceder de zonas libres de IBR ou non. Poden vir analizados en orixe.
- Facer unha corentena dos animais mercados. Sometelos a dúas analíticas con tres semanas de intervalo. Tras comprobar que están sanos, vacinalos con vacina marcada antes de incorporalos o rabaño.
- Se non proceden de zonas ou rabaños libres, as xovencas deberemos analizalas de novo despois do parto para descartar portadoras latentes.
- Se mercamos un touro para cubrir as vacas tamén debemos analízalo e non compartir sementais entre ganderías.

4. Observar as medidas tradicionais de hixiene e desinfección das naves, eliminación de abortos, placentas, etc.

5. Limitar a entrada de persoas e animais nas zonas do gando. É fundamental proveerse dun bo valado das naves, e contar con vados de desinfección para vehículos e persoas. Tamén é moi útil utilizar prendas plásticas dun só uso, tipo calzas e batas para as visitas, con máis importancia canto máis contacto van ter cos animais.

Nós mesmos deberemos protexernos cando visitamos outras ganderías. O calzado e roupa de traballo non deben saír da nosa explotación e moito menos visitar outras: "Nin traer nin levar"

6. De cara a participación nos concursos, os animais deben acudir correctamente vacinados, e ser colocados por Ganderías limitando o contacto cos de outras granxas. Durante o certame, se algún animal se mostrase enfermo ou con febre deberá aloxarse en lazaretos enfermería, sen contacto cos outros. Ó regreso a Gandería, e sempre que sexa posible, os animais deberían de pasar unha corta corentena de alomenos unha semana.

III CURSO DE MELLORA XENÉTICA

Os Irmandiños

Dentro do programa formativo destinado ós seus asociados, a Cooperativa Irmandiños celebrou, durante os días 8 e 14 do pasado mes de Marzo, o seu III Curso de Mellora Xenética, para o cal contaron coa colaboración e apoio desta Federación.

Ó curso, -ó que asistiron máis de 80 gandeiros,- estivo estruturado en dúas sesións, unha teórica e outra práctica. Na teórica impartíronse as Conferencias: “Mellora Xenética e Transferencia Embrionaria”, a cargo de Daniel Martínez, Director Técnico da UTE de Bos e “Vaca Ideal, Vaca Rentable” a cargo de Françesc X. Grau, Director-Xerente de Fefriga.

Na sesión práctica, que se desenrolou na UTE de Bos, explicouse, “in vivo” sobre un animal, a importancia que ten cada unha das rexións morfolóxicas na rendabilidade dos animais (producción, manexo e lonxevidade). A continuación e sobre diversos animais, os gandeiros participantes, realizaron prácticas de acoplamentos correctivos.

Durante a Xornada, visitounos Dn. Antonio Oca Fernández, Director Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, quen tras saúdar ós seus amigos da Costa, (Dn. Antonio durante longos anos desenrolou a súa actividade profesional na Axencia de Desenrolo Gandeiro de Ribadeo), animoulles a continuar profundizando na súa profesionalización e á vez empregar para a mellora das súas explotacións os extraordinarios recursos xenéticos (seme e embrións) que xeran os Programas de Mellora da nosa Comunidade.



Insignia de Ouro Fefriga 06



A Xunta Directiva da Federación Frisona Galega, na súa reunión do día 3 de Febreiro de 2006, e tras avali-los méritos que concurren nos candidatos propostos, acordou por unanimidade, "conceder a Insignia de Ouro desta Federación a Dn. Anxo Vázquez Pernas, polo seu permanente

compromiso na promoción do Agro Galego en xeral e moi especialmente no que á Raza Frisona se refire".

A imposición de dita Insignia de Ouro terá lugar o día 17 de Xuño, no transcurso do acto que, en honor dos participantes nos Concursos Autonómico e Internacional e das explotacións premiadas polos méritos acumulados durante 2005, se celebrará a partir das 21:00 horas, no Recinto da Feira Internacional de Galicia, en Silleda.

II ESCOLA DE MANEXADORES FEFRIGA '06

Co obxectivo de estimular a participación en Concursos e Exposicións, e perfecciona-las técnicas de preparación e presentación dos animais en pista, a Federación Frisona Galega organizará na Finca de Bos, durante os días 4 ó 8 de Setembro, a Escola de Xóvenes Manexadores.

- As prazas serán limitadas a 10 alumnos, con idades comprendidas entre os 14 e os 21 anos, ambo-los dous incluídos.
- Os participantes deberán posuír, como mínimo, nocións elementais de doma, pelado e manexo de animais.
- Pode consultar no anexo da revista todos os datos relativos ó curso.

XX ESCOLA DE XUICES GANDEIROS FEFRIGA '06

A Federación Frisona Galega en colaboración con AFRICOR-CORUÑA organizan, en diversas explotacións da provincia de A Coruña, a XX ESCOLA DE XUICES GANDEIROS "FEFRIGA 2006", que se celebrará os vindeiros días 26 ó 28 de Xullo. Se desexas participar, e tendo en conta o limitado número de prazas dispoñibles, convidámosche a facer a tua reserva o máis axiña posible remitíndonos, debidamente cumprimentado, o Bole-tín de Inscripción que encontrarás nesta revista.

COMPRA CONXUNTA DE DOSES

Dentro do marco que ofrece o Programa de Cría elaborado polas Africor e Fefriga para o ano 2006, e despois da avaliación das ofertas presentadas polas diferentes casas comerciais, a Mesa Técnica de Mellora Gandeira seleccionou, de entre os touros ofertados, aqueles que, na súa opinión, mellor se adaptan ás necesidades das ganderías dos nosos asociados.

O alto grado de aceptación do Programa, así como o compromiso dos criadores de Galicia coa testaxe de sementais xóvenes queda reflexado nas 4.474 solicitudes presentadas, así como nas 234.762 doses solicitadas.

Touros en proba

Ó longo de 2006 está previsto pór en testaxe un total de 55 touros xóvenes. De ditos touros solicitaronse un total de 89.942 doses.

Touros probados do Programa

Seelby Convicer BOTAFOGO ET	30.627
Altagen Formation CURRO	15.594
Bos Emerson GINEBRE ET	13.149
Bos Rudolph LANDOI ET	12.368
Edgemont Wade 2365 SIX ET	10.960
Bos Mason LOURO ET	6.443
Bos Emory FONTANS ET	5.819
Bos James CHAMOSO ET	3.939
Bos Fred LARINO ET	3.080
Bos Storm ZARZO ET	2.927
Bos Cas de Pedro Storm MIRA ET	2.870
Summershade Aeroline ICESHOW ET	1.736
Bos Wade SAGITARIUS	928
A.L.H. Amel AMIGO ET	408

Outros touros

R-E-W BUCKEYE ET	13.302
Comestar LHEROS ET	4.750
Altagen-I MERCHANT ET	4.349
JEFFERSON ET	4.300
Veazland MARION ET	3.353
Campogallo PG TRESOR ET	1.131
Frõtale LOMAS	1.096
ROTHENEUF	995
MASCOL ET	696


axenda 2006

Data	Evento	Organizador	Teléfono	Lugar
26 a 29 de Abril	XIX CONCURSO NACIONAL DE PRIMAVERA CONAFE '06	CONAFE	918952262	FIRA DE MOLLERUSA - LLEIDA
27 de Maio	POXA DE XOVENCAS E VACAS EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA	AFRICOR-LUGO	982 250 714	CASTRO DE REI - LUGO
14 a 18 de Xuño	29ª EDICIÓN FERIA INTERNACIONAL SEMANA VERDE DE GALICIA	SEMANA VERDE	986 580 050	SILLEDA - PONTEVEDRA
	XV CONCURSO AUTONÓMICO DA RAZA FRISONA FEFRIGA '06	FEFRIGA e SEMANA VERDE	981 573 775 - 986 580 050	SILLEDA - PONTEVEDRA
	XXVIII CONCURSO INTERNACIONAL DE FRISÓN SEMANA VERDE '06	FEFRIGA e SEMANA VERDE	981 573 775 - 986 580 050	SILLEDA - PONTEVEDRA
	XXII CONCURSO DE XÓVENES MANEXADORES SEMANA VERDE '06	FEFRIGA e SEMANA VERDE	981 573 775 - 986 580 050	SILLEDA - PONTEVEDRA
	VI CONCURSO DE PINTURA FEFRIGA '06	FEFRIGA	981 573 775	SILLEDA - PONTEVEDRA
	X SUBHASTA TOP-BOS	FEFRIGA	981 573 775	SILLEDA - PONTEVEDRA
26 a 28 de Xullo	XX ESCOLA DE XUICES GANDEIROS FEFRIGA '06	FEFRIGA e AFRICOR-CORUÑA	981 573 775-981 565 751	PROVINCIA DA CORUÑA
2 e 3 de Setembro	XI CONCURSO FRISÓN DA BECERRA SELECTA A ESTRADA '06	AFRICOR-PONTEVEDRA	986 580 462	A ESTRADA - PONTEVEDRA
4 a 8 de Setembro	II ESCOLA DE MANEXADORES FEFRIGA 2006	FEFRIGA	981 573 775	GUÍSAMO - A CORUÑA
28 Sep. a 1 de Out.	XXVIII CONCURSO NACIONAL DE OTOÑO CONAFE '06	CONAFE	918952262	FERIA INT. DE MUESTRAS DE GIJÓN
28 e 29 de Outubro	XV CONCURSO-SUBHASTA DE GANDO FRISÓN CHANTADA '06	AFRICOR-LUGO	982 250 714	CHANTADA - LUGO
4 de Novembro	SUBHASTA DE XOVENCAS EN CASTRO RIBEIRAS DE LEA	AFRICOR-LUGO	982 250 714	CASTRO DE REI - LUGO
10 de Decembro	POXA DE XOVENCAS EN MONTERROSO	AFRICOR-LUGO	982 250 714	MONTERROSO - LUGO



As vacas de BOS comen piensos...

NUDESA



NUTRIMENTOS DEZA, S.A.

Tfno.: 986 58 12 00